



CONCELLARÍA DE IGUALDADE E DIVERSIDADE

Concello da Coruña

Pazo Municipal de María Pita

Telf: 981 184 253

igualdadediversidade@coruna.es

f facebook.com/igualdadecoruna

t [@igualdadecoruna](https://twitter.com/igualdadecoruna)

016

Teléfono contra a Violencia e Xénero

CIM

Centro de Información ás Mulleres
Barrio das Flores, rúa Hortensias, s/n

Telf: 981 184 356

cim@coruna.es

COF

Centro de Planeamento Familiar

Rúa Tui, 19-21

Telf: 981 184 205

coforillamar@coruna.es

UAMI

Unidade de Asesoramento de Migración

Centro Cultural Ágora

Rúa Ágora s/n

Telf: 981 189 868 / 69

uami@coruna.es



A CORUÑA **LIBRE**^{DE} **VIOLENCIAS** **MACHISTAS**



#FestasMaríaPita #SenViolenciasMachistas



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
IGUALDADE E DIVERSIDADE



Por unhas festas libres de violencias machistas

Todas as persoas temos dereito á **IGUALDADE** e á **DIVERSIDADE**; a mostrarnos libremente **COMO SOMOS** e a non ser discriminadas nin agredidas pola nosa **SINGULARIDADE**: ser home, ser muller, ser trans, ter determinada idade, opción ou comportamento sexual, orixe étnica, relixión, etc.

A pesar diso, segue a haber xente que se considera portadora do que “*ten que ser*” e que tenta impor a súa “*orde social*” anulando os dereitos doutras persoas que non encaixan nel. Trátase dunha actitude discriminatoria que atenta aos **DEREITOS HUMANOS** das persoas pola súa condición de xénero, orientación do desexo, orixe étnica e/ou diversidade funcional ou sensorial. Todo isto provoca un dos máis graves problemas sociais e de urxente atención: a violencia machista que se exerce contra as mulleres, persoas trans, gais, lesbianas, intersexos, migrantes e persoas con diversidade funcional e/ou sensorial. E é isto precisamente o que “*sobra*” nunha comunidade de convivencia cidadá en igualdade.

Desde a **Concellaría de Igualdade e Diversidade** convidamos á cidadanía a gozar do espazo público nas festas, e facer que sexa de todas e de todos: un espazo de lecer, celebración e de intercambios sociais, onde, inevitablemente se transmiten valores; e un dos máis importantes que temos é o da **Igualdade na Diversidade**.

Ás veces hai persoas que confunden o goce propio con actitudes pouco ou nada respetuosas cara outras. A miúdo agóchanse estes comportamentos baixo múltiples excusas que teñen que ver con inercias vencelladas ao contexto festivo ou ao consumo de alcol ou outro tipo de drogas. Algunhas destas conductas maniféstanse a través de comentarios ofensivos e/ou degradantes, insultos, mofas e outras agresións verbais, falsos “*piropos*”, formas non solicitadas de contacto físico que incomoden, coaccionen ou violenten así como exhibición de símbolos sexistas, xenófobos ou homófobos.

Estamos, polo tanto, todos e todas, chamadas a actuar con responsabilidade para evitar que estes comportamentos enturben as festas da nosa cidade.

DECÁLOGO

PARA UNHA CIDADE LIBRE DE VIOLENCIAS MACHISTAS

- 1 Dignidade.**
Tratar con respecto á xente, a cadaquén.
- 2 Recoñecer e pór en valor**
a Diversidade.
- 3 Evitar illamento,**
exclusión e marxinalidade.
- 4 Respetar a intimidade.**
Evitar agresións e invasións dos espazos de intimidade das persoas.
- 5 Coidar.**
Coidate, coida, coidémonos.
- 6 Ser responsable** das relacións
que cadaquén quere establecer.
- 7 NON É NON!**
Cando alguén di NON ante unha oferta sexual explícita é NON E XA!
Non é cuestión de interpretacións,
NON é NON.
- 8 Nada xustifica unha agresión sexista.**
Formos de onde formos, vistamos como vistamos, liguemos como liguemos ... Temos dereito a estarmos, a celebrarmos e a gozarmos en Igualdade.
- 9 Rompe a cadea**
de actitudes e comportamentos machistas; pensa no que van reproducir os nenos e as nenas.
- 10 ACTÚA!**
Ante unha agresión, verbal, sexual ou física na rúa.

FAGAMOS DESTAS FESTAS O
INICIO DUNHA NOVA
CONVIVENCIA EN IGUALDADE